

## DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

### ALUMNADO DE E.P:

- a) **ANEXO I (solicitud)** debidamente cuberto.
- b) **ANEXO II** cuberto para a comprobación dos membros computables \*da unidade familiar.
- E **no caso de opoñerse á consulta dos datos**, ademais deberán achegar os seguintes documentos:
- DNI ou NIE.
  - Certificado grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
  - Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou certificado de imputacións da renda do exercicio 2022.
  - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%).
- c) Se o solicitante posúe **DNI**:
- Copia do **libro de familia** ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
  - **Sentenza xudicial e/ou convenio regulador en caso de divorcio.**
- Se o solicitante **non** posúe **DNI ou NIE**:
- Copia do **libro de familia**.
  - **Certificado ou volante de convivencia.**
  - **Informe dos servizos sociais.**
- d) **Certificado** acreditativo do grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido por algún órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- e) **Violencia de xénero** (acreditacións do artigo 5 da lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).
- f) **Resolución administrativa ou xudicial** acreditativa da **situación de acollemento ou certificado do centro de menores** para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

\*Os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación e reflectir a situación persoal, económica e familiar a **31 de decembro de 2022**, agás no caso de violencia de xénero ou cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos proxenitores.



**\*Membros computables da unidade familiar:**

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titora do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que conivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, conviva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

**Non terán a consideración de membros computables:**

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e no caso de violencia de xénero.